

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026753	IES A Pontepedriña	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo artístico I	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A presente programación corresponde á materia de Debuxo Artístico I de 1º curso de bacharelato para o curso 2023-2024.

Grupos de alumnado que cursan a materia: un grupo de 17 alumnos.

Profesor que imparte a materia: José Antonio Alonso Pallas.

Xefa do departamento de Debuxo: Laura Janeiro López.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o debuxo como forma de coñecemento, comunicación e expresión, comparando o uso que se fai del en manifestacións culturais e artísticas de diferentes épocas, lugares e ámbitos disciplinares e valorando a diversidade de significados que orixina para apreciar a importancia da diversidade cultural e a relevancia da conservación e da promoción do patrimonio.	1					1-3		1-2
OBX2 - Analizar con actitude crítica e reflexiva, utilizando a terminoloxía específica adecuada, producións plásticas de distintas épocas e estilos artísticos, recoñecendo a linguaxe, as técnicas e os procedementos, a función significativa e a expresividade do debuxo presentes nelas, para desenvolver a conciencia visual e o criterio estético e ampliar as posibilidades de gozar da arte.	1	2-3				1-3		1-2
OBX3 - Analizar, interpretar e representar a realidade, utilizando os recursos elementais e a sintaxe do debuxo, para ofrecer unha visión propia desa realidade, potenciar a sensibilidade e favorecer o desenvolvemento persoal e artístico.					11-12	1-2		31
OBX4 - Experimentar con diferentes materiais, técnicas e soportes, incluído o propio corpo, e analizar a importancia deste nas propostas artísticas contemporáneas para descubrir o xesto do debuxo e a apropiación do espazo como medios de autoexpresión e aceptación persoal.					50	1-3		1-31-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar a práctica do debuxo como medio de expresión de ideas, opinións, sentimentos e emocións, investigando os referentes culturais das novas creacións como parte inherente a estas, para ampliar o repertorio artístico e enriquecer as producións propias.						1-3		1-2-31
OBX6 - Realizar producións gráficas expresivas e creativas valorando a importancia dos elementos da linguaxe gráfica e a súa organización na definición dun estilo persoal, para progresar na execución técnica e nas calidades comunicativas e expresivas das producións propias.					11-50			32-41-42
OBX7 - Experimentar coas técnicas propias do debuxo identificando as ferramentas, medios e soportes necesarios e analizando o seu posible impacto ambiental, para integralas de forma creativa e responsable na realización de producións gráficas.			1	2	50	1-4	1	41-42
OBX8 - Adaptar os coñecementos e as destrezas adquiridas desenvolvendo a retentiva e a memoria visual para responder con creatividade e eficacia a novos desafíos de representación gráfica.					11-50	1		41-42
OBX9 - Crear proxectos gráficos colaborativos contribuíndo de forma creativa á súa planificación e realización e adaptando o deseño e o proceso ás características propias dun ámbito disciplinar, para descubrir posibilidades de desenvolvemento académico e profesional e apreciar o enriquecemento que supoñen as propostas compartidas.			2-3		31-40		1-3	41-42

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	APLICACIÓNS DO DEBUXO ARTÍSTICO. EVOLUCIÓN NA HISTORIA	- O debuxo no ámbito da arte - O debuxo no ámbito do deseño - Evolución histórica do debuxo artístico. Da Antigüidade ao Romanticismo	5	7	X		
2	ELEMENTOS BÁSICOS DA LINGUAXE VISUAL	- O punto, a liña e o plano. Posibilidades expresivas - Formas bidimensionais e tridimensionais	10	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	ELEMENTOS BÁSICOS DA LINGUAXE VISUAL	- Nivel de iconicidade dunha imaxe - Introducción ao encaixe mediante bocetos ou esbozos	10	14	X		
3	REPRESENTACIÓN DA REALIDADE. O CLAROSCURO	- Luz e volume. - Tipos de luz e iluminación - Valoración tonal e claroscuro - Técnicas secas monocromáticas	20	28	X		
4	REPRESENTACIÓN DA REALIDADE. A PERSPECTIVA	- Concepto de perspectiva - Distintos tipos de perspectiva - A perspectiva axonométrica no debuxo artístico - A perspectiva cónica no debuxo artístico - Perspectiva aérea ou atmosférica	20	28		X	
5	FUNDAMENTOS SINGULARES DA PERCEPCIÓN VISUAL	- Fundamentos da visión humana - Principios da percepción visual da Gestalt - Ilusións ópticas - Concepto de composición. Ordenación e equilibrio	5	7			X
6	TÉCNICAS GRÁFICO-PLÁSTICAS E COR	- Técnicas secas - Técnicas húmidas - Distintos materiais gráfico-plásticos. Uso e seguridade	30	42	X	X	X
7	NOVAS TECNOLOXÍAS E TRABALLOS COLABORATIVOS	- Tipos de programas informáticos relacionados coa imaxe e co deseño. - Elaboración e edición da imaxe dixital. - Uso de programas de tipo vectorial - Outras aplicacións relacionadas co debuxo e coa pintura - Proxectos gráficos colaborativos. Fases, estratexias e distribución de tarefas	10	14	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	APLICACIÓNS DO DEBUXO ARTÍSTICO. EVOLUCIÓN NA HISTORIA	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar o debuxo como forma de coñecemento, comunicación e expresión, reflexionando con iniciativa sobre a súa presenza en distintas manifestacións culturais e artísticas e comparando de forma autónoma o seu uso nestas.	Responder correctamente ás preguntas realizadas polo profesor, cun discurso oral coherente e utilizando os termos propios da materia.	TI	100
CA1.2 - Comparar as múltiples funcións do debuxo a través da análise autónoma do seu uso en producións de distintos ámbitos disciplinares.	Responder correctamente ás preguntas realizadas polo profesor, cun discurso oral coherente e utilizando os termos propios da materia.		
CA1.3 - Valorar a pluralidade cultural e artística relacionándoa coa liberdade de expresión, argumentando a opinión propia de forma activa, comprometida e respectuosa e analizando os usos do debuxo en diversas manifestacións artísticas.	Responder correctamente ás preguntas realizadas polo profesor, cun discurso oral coherente e utilizando os termos propios da materia.		
CA1.4 - Analizar a linguaxe, as técnicas e os procedementos do debuxo en diferentes propostas plásticas entendendo os cambios que se produciron nas tendencias ao longo da historia e utilizando a terminoloxía específica máis adecuada.	Responder correctamente ás preguntas realizadas polo profesor, cun discurso oral coherente e utilizando os termos propios da materia.		
CA1.5 - Analizar distintas manifestacións culturais e artísticas comprendendo a función que desempeña o debuxo nestas e valorando o enriquecemento que supoñen para a sociedade os retos creativos e estéticos.	Responder correctamente ás preguntas realizadas polo profesor, cun discurso oral coherente e utilizando os termos propios da materia.		
CA1.6 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen entre eles e en diferentes ámbitos disciplinares.	Responder correctamente ás preguntas realizadas polo profesor, cun discurso oral coherente e utilizando os termos propios da materia.		
CA1.7 - Expresar ideas, opinións, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O debuxo como proceso interactivo de observación, reflexión, expresión, imaxinación, representación e comunicación.</li> <li>- O debuxo na arte: desde a Antigüidade ata o Romanticismo. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras.</li> <li>- O debuxo como parte de múltiples procesos artísticos e técnicos. Ámbitos disciplinares: artes plásticas e visuais, deseño, arquitectura, ciencia e literatura.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	ELEMENTOS BÁSICOS DA LINGUAXE VISUAL	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Analizar a linguaxe, os materiais, as técnicas e os procedementos do debuxo en diferentes propostas plásticas entendendo os cambios que se produciron no seu uso ao longo da historia e utilizando a terminoloxía específica máis adecuada.	Responder correctamente ás preguntas realizadas polo profesor, cun discurso oral coherente e utilizando os termos propios da materia.	TI	100
CA2.2 - Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo (punto, liña, forma) e da súa sintaxe, mellorando o proceso de creación gráfica.	Comentar verbalmente o proceso seguido na realización dun exercicio ou actividade describindo os distintos pasos ou fases con claridade e utilizando os termos específicos da materia.		
CA2.3 - Analizar, interpretar e representar graficamente a realidade mediante bosquejos e esbozos, utilizando as técnicas e ferramentas adecuadas e desenvolvendo unha expresión propia, espontánea e creativa.	Comentar verbalmente o proceso seguido na realización dun exercicio ou actividade describindo os distintos pasos ou fases con claridade e utilizando os termos específicos da materia.		
CA2.4 - Achegar unha pegada e un xesto propios á realización de debuxos combinando de maneira adecuada o uso tradicional de diferentes materiais, soportes e técnicas, cunha manipulación persoal e creativa.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		
CA2.5 - Expresar a través do trazo e do xesto do debuxo unha visión propia da realidade ou do mundo interior, experimentando cos elementos da linguaxe gráfica e coas súas formas, signos, posibilidades expresivas e efectos visuais.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		
CA2.6 - Propoñer distintas solucións gráficas a unha mesma proposta visual, utilizando diferentes niveis de iconicidade, identificando as ferramentas, medios e soportes necesarios e xustificando razoada e respectuosamente a elección realizada.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		
CA2.7 - Representar graficamente o modelo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		
CA2.8 - Utilizar o encadramento, o encaixe e a perspectiva na resolución de problemas de representación gráfica analizando tanto os diferentes volumes coma o espazo que completa o conxunto.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminoloxía e materiais do debuxo.</li> <li>- O punto e as súas posibilidades plásticas e expresivas.</li> <li>- A liña: trazo e grafismo. As tramas.</li> <li>- A forma. Análise da súa tipoloxía. Diferentes aplicacións e combinacións.</li> <li>- Niveis de iconicidade da imaxe.</li> <li>- O bosquejo ou esbozo. Introducción ao encaixe.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	REPRESENTACIÓN DA REALIDADE. O CLAROSCURO	28

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Analizar e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual referidos á luz, ao claroscuro e á cor e as súas leis e principios mostrando interese nas súas aplicacións.	Realizar unha proba práctica axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os coñecementos, técnicas e destrezas adquiridas durante as distintas clases do curso. Seguir un proceso de execución con rigor acadando un grao de calidade intermedio.	PE	35
CA4.1 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada con relación ao uso da luz e da cor que se fai nela describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen.	Responder correctamente ás preguntas realizadas polo profesor, cun discurso oral coherente e utilizando os termos propios da materia.	TI	65
CA4.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas de claroscuro e cor utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		
CA4.4 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas, medios e soportes máis adecuados á intención creativa empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A luz e o volume.</li> <li>- Tipos de luz e de iluminación.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración tonal e claroscuro.</li> <li>- Natureza, percepción, psicoloxía e simboloxía da cor.</li> <li>- Monocromía, bicromía e tricromía. Aplicacións básicas da cor no debuxo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	REPRESENTACIÓN DA REALIDADE. A PERSPECTIVA	28

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Utilizar o encadramento, o encaixe e a perspectiva na resolución de problemas de representación gráfica analizando os diferentes volumes, as súas proporcións e posición relativa e tamén o espazo que completa o conxunto.	Realizar unha proba práctica axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os coñecementos, técnicas e destrezas adquiridas durante as distintas clases do curso. Seguir un proceso de execución con rigor acadando un grao de calidade intermedio.	PE	50
CA3.4 - Representar graficamente o espazo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Introducción á representación do espazo mediante a perspectiva.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	FUNDAMENTOS SINGULARES DA PERCEPCIÓN VISUAL	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Realizar composicións bidimensionais, figurativas ou abstractas, explorando a percepción e a ordenación do espazo e indagando sobre a representación do corpo humano e a súa posible utilización como soporte ou como ferramenta gráfica.	Realizar unha proba práctica axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os coñecementos, técnicas e destrezas adquiridas durante as distintas clases do curso. Seguir un proceso de execución con rigor acadando un grao de calidade intermedio.	PE	50
CA3.1 - Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo, a composición e os sistemas de ordenación na sintaxe visual, mellorando o proceso de creación gráfica.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.	TI	50
CA3.3 - Comprender e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual, as súas leis e principios, así como a composición e a ordenación de elementos no espazo mostrando interese nas súas aplicacións.	Comentar verbalmente o proceso seguido na realización dun exercicio ou actividade describindo os distintos pasos ou fases con claridade e utilizando os termos específicos da materia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fundamentos da percepción visual.</li> <li>- Principios da psicoloxía da Gestalt.</li> <li>- Ilusións ópticas.</li> <li>- A composición como método. O equilibrio compositivo. Direccións visuais. Aplicacións.</li> <li>- Sistemas de ordenación na sintaxe visual. Aplicacións.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	TÉCNICAS GRÁFICO-PLÁSTICAS E COR	42

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Representar graficamente o modelo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Realizar unha proba práctica axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os coñecementos, técnicas e destrezas adquiridas durante as distintas clases do curso. Seguir un proceso de execución con rigor acadando un grao de calidade intermedio.	PE	50

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Achegar unha pegada e un xesto propios á realización de debuxos combinando de maneira adecuada o uso tradicional de diferentes materiais, soportes e técnicas, cunha manipulación persoal e creativa.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.	TI	50
CA2.5 - Expresar a través do trazo e do xesto do debuxo unha visión propia da realidade ou do mundo interior, experimentando cos elementos da linguaxe gráfica e coas súas formas, signos, posibilidades expresivas e efectos visuais.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		
CA2.6 - Propoñer distintas solucións gráficas a unha mesma proposta visual, utilizando diferentes niveis de iconicidade, identificando as ferramentas, medios e soportes necesarios e xustificando razoada e respectuosamente a elección realizada.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas gráfico-plásticas, secas e húmidas.</li> <li>- Materiais gráfico-plásticos. Seguridade, toxicidade, impacto ambiental e sustentabilidade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	NOVAS TECNOLOXÍAS E TRABALLOS COLABORATIVOS	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.5 - Representar graficamente o modelo elixido mediante procedementos de debuxo dixital, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Realizar unha proba práctica axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os coñecementos, técnicas e destrezas adquiridas durante as distintas clases do curso. Seguir un proceso de execución con rigor acadando un grao de calidade intermedio.	PE	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Comparar as múltiples funcións do debuxo e da pintura dixital a través da análise autónoma do seu uso en producións de distintos ámbitos disciplinares.	Comentar verbalmente o proceso seguido na realización dun exercicio ou actividade describindo os distintos pasos ou fases con claridade e utilizando os termos específicos da materia.	TI	60
CA5.2 - Achegar unha pegada e un facer propios á realización de producións gráficas, combinando o uso das tecnoloxías e das ferramentas de edición dixitais, de forma persoal e innovadora.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		
CA5.3 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas de edición propias de cada programa de pintura ou debuxo dixital máis adecuadas á intención creativa, nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		
CA5.4 - Investigar de forma activa e aberta sobre a presenza de tecnoloxías dixitais en referentes artísticos contemporáneos integrándoas no proceso creativo e expresivo propio.	Responder correctamente ás preguntas realizadas polo profesor, cun discurso oral coherente e utilizando os termos propios da materia.		
CA6.1 - Planificar proxectos gráficos colaborativos sinxelos identificando o ámbito disciplinar en que se desenvolverá, organizando e distribuindo as tarefas de maneira adecuada e determinando as diferentes fases do proxecto.	Comentar verbalmente o proceso seguido na realización dun exercicio ou actividade describindo os distintos pasos ou fases con claridade e utilizando os termos específicos da materia.		
CA6.2 - Realizar proxectos gráficos colaborativos enmarcados nun ámbito disciplinar concreto utilizando con interese os valores expresivos do debuxo artístico e os seus recursos.	Realizar os exercicios ou actividades de clase seguindo as indicacións do profesor. Utilizar os materiais e as técnicas requeridas con propiedade e soltura. Seguir un proceso riguroso acadando un grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		
CA6.3 - Analizar as dificultades xurdidas na planificación e realización de proxectos gráficos compartidos entendendo este proceso como un instrumento de mellora do resultado final.	Comentar verbalmente o proceso seguido na realización dun exercicio ou actividade describindo os distintos pasos ou fases con claridade e utilizando os termos específicos da materia.		
CA6.4 - Identificar posibilidades de desenvolvemento académico e profesional relacionadas co debuxo artístico comprendendo as oportunidades que ofrece e o valor engadido da creatividade nos estudos e no traballo e expresando a opinión propia de forma razoada e respectuosa.	Responder correctamente ás preguntas realizadas polo profesor, cun discurso oral coherente e utilizando os termos propios da materia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Introducción ao debuxo e á imaxe dixital. O seu uso en diferentes ámbitos disciplinares.
- Debuxo vectorial.

## Contidos

- Ferramentas de edición de imaxes para a expresión artística.
- Programas de pintura e debuxo dixital.
- A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas e das necesidades do proxecto.
- Fases dos proxectos gráficos.
- Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas.
- Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os contidos da materia serán relacionados coas experiencias previas do alumno, con referencias ao seu ámbito máis próximo. Procurarase que as distintas actividades de clase motiven ao alumnado no seu proceso da aprendizaxe.

No caso de contidos relacionados con procedementos e técnicas, as explicacións faranse paso a paso, razoando sempre dun modo lóxico e claro. Nalgúns casos pódese utilizar imaxes ou exercicios xa resoltos para facilitar a comprensión da actividade que hai que realizar.

As explicacións e instrucións faranse de modo verbal e ao mesmo tempo gráfico debuxando na pizarra, proxectando imaxes en pantalla ou utilizando determinadas aplicacións informáticas. Dentro das posibilidades que permita o grupo, axudarase de modo individual ao alumnado que presenten necesidades particulares.

A organización do ensino e das aprendizaxes da materia, será sistemática, pautada e precisa. Realizaranse actividades de duración variable e consecuentes cos obxectivos da materia. Intentarase crear un ambiente axeitado de traballo na aula que permita unha mellor comprensión dos contidos, das actividades a realizar e un maior rendemento por parte do alumnado.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

A materia de Debuxo Artístico I impátese no taller de debuxo do centro. Descríbense a continuación as principais características de dita aula específica:

- Mesas grandes e pequenas de debuxo con taburetes e acceso directo a auga con varios lavados.
- Pizarra, pantalla, canón de proxección e un ordenador portátil no posto do profesor.
- Conexión a internet.
- Curso na aula virtual do centro.
- Material de debuxo e pintura para distintos soportes e técnicas.
- Libros de texto e consulta relacionados coa materia.
- Mobiliario e cuarto de almacenamento.

Non se utiliza ningún libro de texto específico. O alumnado asistirá a clase provisto do seguinte material:

- Follas normalizadas A4 brancas apropiadas para o debuxo.
- Instrumentos de debuxo: xogo de escuadro e cartabón, regra graduada e compás.
- Lápices de durezas HB e 2B.
- Lápices de cores, témperas acuairelas e pinceis.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase a avaliación inicial do alumnado, para elo teranse en conta a puntuación das seguintes actividades ou probas:

- A primeira actividade práctica do curso.
- Preguntas directas ao alumnado relacionadas cos contidos e procedementos básicos da materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>5</b>	<b>30</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	35	50	50	50	40	<b>38</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	65	50	50	50	60	<b>62</b>

### Criterios de cualificación:

Para avaliar a materia realizaranse en cada avaliación varias actividades prácticas e unha proba, obtendo as puntuacións que se indican nos apartados 1, 2 e 3.

As actividades prácticas levaranse a cabo durante varias sesións de clase e poderanse terminar ou mellorar fóra do horario lectivo.

As probas levaranse a cabo durante unha ou dúas sesións de clase e non se poderán terminar ou mellorar fóra do horario lectivo.

Apartado 1: Media aritmética das puntuacións das actividades prácticas realizadas. Puntuación máxima de 10 puntos en cada actividade.

Apartado 2: Nota da proba. Puntuación máxima de 10 puntos.

Apartado 3: Puntuación de exercicios realizados con programas informáticos ou procesos de tipo colaborativo na aula, cun máximo de 10 puntos.

A puntuación do apartado 3 farase mediante observación directa do profesor, tendo en conta o proceso seguido polo alumno ou alumna, a súa destreza na utilización dos programas informáticos correspondentes ou o seu grao de participación en procesos de tipo colaborativo na aula.

A puntuación de cada avaliación obtense coa seguinte media ponderada: o 70% da puntuación do apartado 1, o 20% da puntuación do apartado 2 e o 10% da puntuación do apartado 3.

A puntuación final de curso obtense coa media aritmética das puntuacións correspondentes ás tres avaliacións. A aproximación ao número enteiro de dita puntuación farase mediante o truncamento da parte decimal.

Para obter unha cualificación positiva na avaliación final do curso teranse que cumprir ao mesmo tempo o indicado nas condicións 1 e 2 .

Condición 1: Obter unha puntuación final de curso de 5 puntos.

Condición 2: Ter superadas dúas avaliacións do curso.

Para cada actividade o profesor fixará unha data de entrega de obrigado cumprimento. O profesor non recollerá ningunha actividade posteriormente á súa data de entrega, a non ser que haxa unha causa xustificada.

As actividades non realizadas serán puntuadas con 0 puntos.

As actividades que non se entreguen na data fixada, exceptuando aquelas que se recollan posteriormente por haber unha causa xustificada, serán puntuadas con 0 puntos.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que non se cumpran as dúas condicións especificadas nos criterios de avaliación para aprobar a materia a finais de curso o alumnado realizará unha proba de recuperación e entregará entre dúas e seis actividades prácticas de recuperación. O profesor decidirá o número e tipo de actividades en función do traballo realizado polo alumno ao longo do curso.

A puntuación de recuperación do curso será o resultado da seguinte media ponderada: o 70% da media aritmética correspondente ás puntuacións das actividades prácticas de recuperación e un 30% da puntuación da proba de recuperación. As puntuacións máximas son de 10 puntos. No caso de que non se entregue unha actividade, a súa puntuación será de 0 puntos. A aproximación ao número enteiro de dita puntuación farase mediante o truncamento da parte decimal.

Será necesario obter 5 puntos na media ponderada especificada no párrafo anterior para obter unha cualificación positiva na materia.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados con actividades en formato físico.

O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais. Procurarase fixar un recreo para a atención do mesmo.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas (que serán feitas públicas dende o centro), a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...), técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que non serán recollidas fóra de prazo.

Os traballos serán cualificados de 0 a 10 e os non entregados cuantificarán como 0 á hora de facer media. A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións. Esta media debe ser igual ou superior a 5 para poder recuperar.

O alumnado que non recupere a materia coas entregas por avaliación poderá entregar os traballos requeridos nunha data de entrega final que será fixada polo centro.

### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

O alumnado que se matricule na materia de Debuxo Artístico II sen haber cursado a materia de Debuxo Artístico I poderá acreditar os coñecementos correspondentes a esta última materia.

Quedarán acreditados ditos coñecementos mediante o cumprimento dos requisitos establecidos nos seguintes parágrafos, indicados coas letras a e b.

a- Realizar un mínimo de tres actividades prácticas de dificultade media escollidas polo profesor e obter unha cualificación de apto en cada unha delas.

b- Aprobar a materia de Debuxo Artístico II na primeira avaliación.

No caso de que non se curse a materia de Debuxo Artístico II ou non se cumpra cos dous requisitos anteriores, seguirán o procedemento establecido nesta programación para a recuperación de Debuxo Artístico I como materia

pendente de cursos anteriores.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O profesor tomará as medidas axeitadas en relación á atención á diversidade que poidan necesitar os alumnos, partindo sempre do deseño e a organización que formule o centro. Prestarase especial atención aos seguintes aspectos relacionados coa materia:

- Explicacións e instrucións transmitidas dun modo máis persoal e directo para facilitar a comprensión de contidos e actividades.
- Mellorar manexo dos instrumentos cos que traballa o alumno ou alumna: lápices, pinceis, regras e equipo informático.
- Proporcionar ao alumno exercicios de reforzo ou estratexias que lle axuden a superar as dificultades que presenta na materia.

No caso de que un alumno presente algún tipo de minusvalía adaptaranse os contidos e actividades da materia á súa situación seguindo as directrices que se indiquen polo Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Valores de igualdade, convivencia e respecto	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Importancia do patrimonio artístico e cultural propio	X	X	X	X			
ET.3 - Importancia da imaxe como instrumento de comunicación					X	X	X

#### Observacións:

Ditos valores transversais teránse en conta no desenvolvemento e dinámica das clases, coa intención de normalizalos e trasladalos ao conxunto do alumnado.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas ao Parque Eugenio Granell en Santiago de Compostela	Realización de debuxos e apuntes do natural no interior do parque	X	X	X
Saídas ao entorno da Estación Intermodal en Santiago de Compostela	Realización de debuxos e apuntes do natural no entorno urbano da cidade	X	X	X
Visita anual a unha exposición didáctica	Saída do centro para visitar unha exposición didáctica relacionada cos contidos da etapa			X

#### Observacións:



Saídas ao Parque Eugenio Granell e ao entorno da Estación Intermodal en Santiago de Compostela. As saídas faranse dentro do período lectivo, a poder ser coincidindo co horario da materia. Escolleranse as datas que se consideren máis apropiadas en función do desenvolvemento das clases e da meteoroloxía.

O alumnado irá provisto de papel e material de debuxo para realizar apuntes do natural do entorno urbano e do interior do parque.

Para sentarse utilizarase na medida do posible o mobiliario urbano dispoñible. En caso de que non se queiran sentar no chan ou nas beirarrúas terán que levar unha cadeira ou banqueta pregable.

Visita anual a unha exposición didáctica

Os grupos de alumnado que cursen a materia poderán visitar unha exposición que teña relación cos contidos ou temas transversais da etapa.

O departamento escollerá a exposición que se considere máis idónea tendo en conta a oferta dos distintos museos, fundacións, institucións ou asociacións do ámbito galego.

Dependendo do horario e do tempo dispoñible, poderanse realizar itinerarios camiñando, ou en transporte público, co obxectivo de poñer en valor o patrimonio artístico e cultural das vilas ou cidades visitadas.

A saída realizarase preferentemente no terceiro trimestre do curso e terá lugar nun único día e dentro do horario lectivo.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
INDICADOR DE LOGRO A
INDICADOR DE LOGRO D
Metodoloxía empregada
INDICADOR DE LOGRO B
INDICADOR DE LOGRO C
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
INDICADOR DE LOGRO E
Medidas de atención á diversidade
INDICADOR DE LOGRO F
Clima de traballo na aula
INDICADOR DE LOGRO G
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
INDICADOR DE LOGRO H

#### Descrición:

#### INDICADOR DE LOGRO A

Específica en cada unha das tres avaliacións se foron impartidas as distintas unidades

da materia segundo o establecido na programación.

#### INDICADOR DE LOGRO B

Cuantifica en porcentaxe o número de alumnado que acada os mínimos de consecución nas actividades prácticas desenvolvidas en cada avaliación. Non se inclúen os resultados de probas de control individual.

#### INDICADOR DE LOGRO C

Cuantifica en porcentaxe para cada unha das tres avaliacións do curso o número de alumnado que acada un resultado positivo.

#### INDICADOR DE LOGRO D

Cuantifica en porcentaxe o número de alumnado que supera a materia na avaliación final do curso.

#### INDICADOR DE LOGRO E

Especifica se ao longo de cada avaliación os recursos e medios cos que se conta na aula foron os suficientes para o desenvolvemento das distintas actividades docentes.

#### INDICADOR DE LOGRO F

Especifica se ao longo de cada avaliación se levou a cabo a atención á diversidade ao alumnado que require unha necesidade específica.

#### INDICADOR DE LOGRO G

Especifica se ao longo de cada avaliación o clima de traballo na aula foi o adecuado para impartir clase con normalidade de maneira que non afectase negativamente ao resultados individuais do alumnado.

#### INDICADOR DE LOGRO H

Especifica se ao longo de cada avaliación a colaboración co resto do equipo docente e coas familias foi suficiente para o normal desenvolvemento da actividade docente.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente relacionada coa materia realizarase nas primeiras reunións de departamento que coincidan despois do remate das distintas avaliacións do curso.

En función dos resultados acadados nos indicadores de logro ao longo do curso establécense as seguintes medidas que teñen como finalidade a mellora do proceso de ensinanza da materia.

Medidas correspondentes ao indicadores de logro A

Se o indicador é negativo, o profesor da materia realizará os cambios oportunos no desenvolvemento das clases da seguinte avaliación, ou das últimas semanas do curso, para incorporar os contidos ou temas transversais que non foron impartidos segundo o establecido na programación.

Medidas correspondentes aos indicadores de logro B e C

Se o indicador é inferior ao 50%, realizarase por parte do departamento unha revisión da programación para proceder a súa modificación ou mellora. Estableceranse novas pautas metodolóxicas dirixidas a mellora dos resultados.

Se o indicador está comprendido entre o 50 e o 80%, o profesor da materia realizara os

cambios que considere necesarios no funcionamento e desenvolvemento das clases coa finalidade de mellorar os resultados.

Se o indicador é superior ao 80%, non se considera necesario aplicar medidas de carácter xeral, chegando con facer un seguimento máis individualizado ao alumnado que o necesite.

Medidas correspondentes a indicador de logro D

O porcentaxe correspondente a este indicador terase en conta na elaboración da programación do seguinte curso a efectos de mellorar a práctica docente e os resultados académicos do alumnado.

Se o indicador é inferior ao 50%, ao comezo do seguinte curso o profesorado do departamento identificará as posibles causas dos malos resultados e establecerá unhas pautas para a elaboración da programación que permita atender mellor as necesidades educativas do alumnado.

Medidas correspondentes ao indicadores de logro E

Se o indicador é negativo, o profesorado do departamento acordará que carencias se poden suplir cos medios do propio departamento.

Comunicarase á dirección do centro cales son os demais recursos e materiais que se necesitan para o normal desenvolvemento da labor docente.

Medidas correspondentes ao indicadores de logro F, G e H

Se algún dos indicadores é negativo, o profesor da materia promoverá novas dinámicas para mellorar a atención á diversidade na aula, o clima de traballo ou a relación co resto do equipo docente e familias.

## **9. Outros apartados**